

Orgullos de noso

Orgullosa de cimbrar, de arrincar, de abrazar, de zorregar, de agarrarte e de arredarte.

Orgullosa de Borreiros, de Cómaros Altos, da Cruz da Raíña, do Penedo, de Mar de Fóra, da Devesa da Rogueira, de Donelle, de Candeán, do Vilar de Bocamaos, da Cucurela, do Confurco, de Lobeiros e dos Medotes.

Orgullosa de latricar, de chuzar, de navegar, de anainar e de vogar.

Orgullosa de merlín e da súa familia, orgullosa das follas novas, orgullosa de arredor de si, orgullosa de ramón lamote, orgullosa de casa atlántica casa cabaret, orgullosa de por conto alleo, orgullosa dos fíos invisibles, orgullosa da melancolía de días usados, orgullosa do meu nome skywalker e de cando petan á porta pola noite.

Orgullosa dos percebes, do ribeiro, da empanada de liscos, das xoubas fritidas, dos pementos de padrón, do polbo á feira, da bica, do bruño e das zamburiñas. Por suposto, tamén dos nabos, das rabizas, dos grelos, dos cimos e dos bertóns.

Orgullosa de rosmar, de moumear, de aturuxar, de bisbar, de arrolar, de acochar e de bicar.

Orgullosa de non te vaias rianxeira; de velaí vai velaí vai; orgullosa de quen ten amores non dorme e quen non os ten, adormece; da muiñeira de Chantada; de vai un sol de carallo; de se ti queres vir ti vente; da saia da carolina; da fura de diante; do arame; de a velas velas vir dunha partida brava de fútbolín; de sabes que entre fusco e lusco estareite aquí agardando; do alalá das mariñas... Si home si, non esquezoo o miudiño!

Orgullosa de un día e un día e o peso ghaustouse; de nunca choveu que non escampara; de déixate chegar á casa!; de e ti quen vés sendo?; de algo é algo díxolle o can ao caldo e iso que era día de antroido; de era boa!; de máis vale unha farta ca sete lambidas...

Orgullosa de falarmos

Orgullosa de escoitármonos.

Orgullosa de nosoutras e de nós.

Orgullosa de ti.

Rosa Aneiros

Escritora